



## **CIRCULAR 162-2024.** **NORMATIVA, COTAS E PROCEDIMENTOS DE TRAMITACIÓN DE LICENCIAS AUTONÓMICAS TEMPADA 2025**

### **Cuestiones previas/Novidades tramitación 2025:**

1.-A FGA asume na súa totalidade a normativa de licenzas RFEA ([Circular 161/2024](#)) en todos aqueles aspectos que non se regulen de maneira específica pola FGA, na presente circular.

2.-**NOVA PASARELA DE TRAMITACIÓN. (Call Room)** Licenzas novas e renovacións:  
<https://atletismorfea.es/user/login-registro> para:

- Clubs
- Atletas (pertencentes a clubs e independentes)
- Xuíces
- Adestradores

**Xuíces e adestradores** deberán facer a súa licenza directamente na nova pasarela seguindo o “manual de usuario” que se achega, subindo eles mesmos os documentos requiridos.

No referente á transición das tramitacións electrónicas, o sistema informático será o mesmo co da RFEA, sendo imprescindible o consentimento explícito da persoa física do tratamento de datos (aviso legal e política de privacidade), así como no caso dos/as adestradores/as e xuíces deberán subir a esta plataforma o Certificado de ausencia de delitos sexuais.

Sen completar a subida da foto e no seu caso o certificado de ausencia de delitos sexuais non se poderá continuar coa RENOVACIÓN/ALTA da licenza.

**Call room:**- [Manual de usuario](#)

*(Dende o día da publicación da presente circular deixa de funcionar a pasarela de licenzas da FGA).*


### **3.- Pago de cotas autonómicas de tódolos estamentos.**

Por transferencia bancaria na de conta. **ES82-2080-0068-7830-4001-9194**, indicando no CONCEPTO: Nome do club (ou atleta independente); nome do adestrador/a ou xuíz/xuíza.

4.-Equiparación da **nomenclatura de licenzas autonómicas** á aprobada pola RFEA segundo a especialidade practicada:

4.1. **Estándar:** para participar en probas oficiais autonómicas FGA de **Pista, Marcha, Campo a Través e Ruta.** (Substitúe á licenza completa actual).

4.2. **Plus:** para participar en probas oficiais autonómicas FGA de **Pista Marcha, Campo a Través, Ruta e Trail running.**  
(Inclúe a cota da licenza e o seguro estándar aplicable, ademais dun custe adicional pola



ampliación de seguros para as coberturas específicas estipuladas para a especialidade de Trail Running).

- 4.3 Licenza de Corredor:** para participar en probas oficiais autonómicas FGA de **Campo a Través, Ruta e Trail Running**. (Substitúe a licenza actual de Trail, engadindo Campo a Través) (Válida exclusivamente para a participación en Competicións Oficiais nas especialidades de Ruta, Trail Running e Campo a Través).

## **NORMATIVA DE LICENZAS 2025**

De conformidade co disposto no artigo 3 do vixente [Regulamento de Licenzas da FGA](#), aprobado na Asemblea Xeral de data 26 de outubro de 2024, a presente circular procede a desenvolver aqueles aspectos que resultan aplicables á tramitación de licenzas para a tempada deportiva 2025.

### **Primeiro. Ámbito**

A presente circular é executiva desde a súa difusión e de obrigado cumprimento para as persoas físicas e xurídicas que desexen ser titulares dunha licenza de atletismo de carácter autonómico ou de carácter nacional, válida no ámbito estatal (sexa nova ou por renovación, anual ou temporal), para a tempada 2025.

### **Segundo. Temporada**

A tempada 2025 comezará o 1 de xaneiro de 2025 e finalizará o 31 de decembro de 2025.

### **Terceiro. Regulación**

A tramitación das licenzas e o seu réxime xurídico atópanse reguladas no Regulamento de Licenzas da FGA, que será a norma aplicable, a nivel autonómico, así como no Regulamento de Licenzas da RFEA que corresponderá á xurisdición nacional.

### **Cuarto. Categorías por idades**


As categorías ás que se adscribirán os atletas, atendendo á súa idade, serán para a tempada 2025 as seguintes:

<b>MÁSTER (1)</b>	Dende o día en que cumplan 35 años (incluído)	
<b>SENIOR</b>	Nados/as en	2002 e anteriores
<b>SUB-23</b>	Nados/as en	2003, 2004 e 2005
<b>SUB-20</b>	Nados/as en	2006 e 2007
<b>SUB-18</b>	Nados/as en	2008 e 2009
<b>SUB-16</b>	Nados/as en	2010 e 2011
<b>SUB-14</b>	Nados/as en	2012 e 2013
<b>SUB-12</b>	Nados/as en	2014 e 2015
<b>SUB-10</b>	Nados/as en	2016 e 2017
<b>SUB-8</b>	Nados/as en	2018 e posteriores

- (1) Os atletas que durante a tempada cumplan 35 años ou máis e no desexen pertencer á categoría máster, deberán indicalo expresamente na tramitación da súa licenza.

### **Quinto. Vinculación**

A vinculación de todos os estamentos coa Federación Galega de Atletismo: atletas, clubs, adestradores/as, xuíces/as e organizadores/as, leva asociada a aceptación explícita do ámbito legislativo que figura no [Regulamento de Licenzas da FGA](#), aprobado na Asemblea Xeral da



Federación Galega de Atletismo na súa reunión do día 26 de outubro de 2024.

Todas as licenzas nacionais deben formalizar tamén previamente ó pago da licenza autonómica e o seguro cando corresponda. **A RFEA non tramitará ningunha licenza sen o correspondente abono preceptivo da cota territorial á Federación Galega de Atletismo.**

### **Sexto. Prazos Licenzas FGA**

Os prazos para a tramitación das licenzas serán os seguintes:

- Clubs, adestradores/as e monitores/as: dende o 11 de novembro.
- Atletas e xuíces/as: dende o 26 de novembro.

### **Sétimo: Normativa de interese RFEA**

#### **Recargas por Renovacións fora dos prazos das licenzas RFEA**

A RFEA aplicará recargas por renovacións de licenzas nacionais fora dos seus prazos establecidos na circular [161/2024](#). Para os efectos de aplicar estas recargas considerarase como data válida de tramitación e/ou renovación a que quede gravada na plataforma da RFEA no momento da xestión telemática da licenza.

As recargas para aplicar sobre as cotas indicadas no Anexo 1 unha vez finalizado o prazo estipulado para a renovación de licenzas e/o cambio de club (art. 35 do Regulamento de licenzas RFEA) son:

- Renovación fóra de prazo de Licenzas de Atletas, sempre que na tempada anterior posuíse licenza polo mesmo club ou como independente: 33 € (non aplicable a categorías Sub-16, Sub-14, Sub-12, Sub-10 e Sub-8).
- Renovación fóra de prazo de licenzas de adestradores, monitores, xuíces, oficiais e representantes: 33 €.
- atleta con licenza Territorial e que pase a licenza Nacional durante a tempada: 33 € (non aplicable a categorías Sub-16, Sub-14, Sub-12, Sub-10 e Sub-8). Estes atletas tramitarán a licenza nacional polo seu club a condición de que na tempada anterior houberen tido licenza por ese club, como independente ou tramitasen licenza autonómica polo club no prazo regulamentario para cambios de club. En caso contrario farán licenza nacional como independente.
- Atletas con licenza independente que durante o ano anterior non pertencesen a ningún club, poderán facer licenza por un club aboando unha recarga de 33 €.
- Clubs con licenza Territorial que, posuíndo licenza Nacional durante a tempada anterior, desexen volver a tramitar licenza Nacional (fora do prazo establecido); deberán abonar unha cota adicional de 300 €.
- A efectos de aplicar estas recargas, considerarase como data válida de tramitación e/ou renovación a que quede gravada na Intranet da RFEA no momento da xestión telemática da licenza.

### **Oitavo. Códigos e Numeración**

Para a numeración das licenzas utilizaranse os códigos que constan no Anexo 4 da normativa da RFEA. As siglas serán GA tanto para as licencias autonómicas como nacionais, diferenciándose polas letras que aparecen despois do número.



## Anexo I.- Cotas Licenzas FGA Tempada 2025.

### COTAS LICENZAS FGA Tempada Completa

	<b>Categoría</b>	<b>COTA FGA</b>	<b>SEGURO</b>	<b>TOTAL</b>
<b>ATLETAS CON FICHA POLA FGA</b> de clubs galegos e independentes <b>Licenza Estándar e Plus</b>	Máster	38 €	*	Pendente
	Sénior	38 €	*	Pendente
	Sub 23	26 €	*	Pendente
	Sub 20	26 €	*	Pendente
	Sub 18	26 €	*	Pendente
	Sub 16	18 €	**	18 €
	Sub 14	18 €	**	18 €
	Sub 12	18 €	**	18 €
	Sub 10	15€	**	15€
	Sub 8	15 €	**	15 €
	Atletas clubs fóra de Galicia		200 € (Seguro incluído)	

\*En estudo e análise das ofertas das compañías aseguradoras

\*\*atletas de 6 a 16 anos, está cuberto polo seguro de XOGADE

### COTAS LICENZAS FGA.- cuatrimestrales De 1 de setembro o 31 de decembro

	<b>Categoría</b>	<b>COTA FGA</b>	<b>SEGURO</b>
<b>ATLETAS CON FICHA POLA FGA</b> de clubs galegos e Independentes <b>Licenza Estandar e Plus</b>	Máster	12,66 €	*
	Sénior	12,66 €	*
	Sub 23	8,66 €	*
	Sub 20	8,66 €	*
	Sub 18	8,66 €	*
	Sub 16	6 €	**
	Sub 14	6 €	**
	Sub 12	6 €	**
	Sub 10	5 €	**
	Sub 8	5 €	**

	<b>COTA FGA</b>	<b>TOTAL</b>
<b>CLUBS</b>	División de Honra	250 €
	1ª División	200 €
	Nacional	150 €
	Autonómica	100 €
	Clubs Nova Creación	50 €

Tramitación da **licenza de corredor y Club de Corredores** pendente de normativa RFEA

	<b>COTA FGA</b>	<b>CUSTO SEGURO</b>
RFEA Nivel I: Alto	32 €	16,05 €**

	rendimiento		
	RFEA Nivel 2: Entrenador de Tecnificación	32 €	16,05 €**
	RFEA Monitor/Grao T1	27 €	16,05 €**
	RFEA Monitor de Iniciación	27 €	16,05 €**

<b>XUÍCES/AS **</b>	RFEA Nivel III	22 €	Pendente*
	RFEA Nivel II	22 €	Pendente*
	RFEA Nivel I	22 €	Pendente*
	Autonómico	22 €	Pendente*
	Aspirante	0	Pendente*

\* En estudo e análise das ofertas das compañías aseguradoras.

\*\* Exentos aqueles xuíces/zas e adestradores/as con licenza de atleta en vigor.

### **Anexo II.-** Cláusula de protección de datos

O texto ou cláusula a aceptar expresamente polo titular da licenza, xunto aos seus representantes legais se é menor de 14 anos, en materia de protección de datos será a seguinte (lémbrese que sen este requisito non se poderá expedir licenza válida no ámbito autonómico nin estatal):

A adscrición e integración na FGA ou RFEA a través da solicitude de nova licenza ou a renovación da que xa se tiña, ou por disposición legal ou regulamentaria, constitúe a **base xurídica** para o tratamento de datos de carácter persoal derivado da dita relación, e implica a aceptación e/ou consentimento libre, específico, informado e inequívoco dos federados (interesados) sobre o seguinte:

#### **a) Medidas técnicas e organizativas**

De acordo co disposto polo "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE", os datos proporcionados polos estamentos físicos federativos, serán incorporados e tratados nos diversos rexistros de tratamentos e nos rexistros de actividades no caso de transferencias de datos, sobre os que a FGA aplica:


1. Medidas técnicas e organizativas apropiadas, concebidas para aplicar de forma efectiva os principios de protección de datos e integrar as garantías necesarias no tratamento, a fin de cumprir os requisitos do referido Regulamento Europeo e protexer os dereitos dos interesados.
2. Medidas técnicas e organizativas apropiadas con miras a garantir que, por defecto, soamente sexan obxecto de tratamento os datos persoais que sexan necesarios para os fins específicos do tratamento.
3. Medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco que leva consigo o tratamento para os dereitos e liberdades dos interesados.

#### **b) Datos identificativos do responsable do tratamento:**

O responsable do dito tratamento de datos (licenzas autonómicas) é a Federación Galega de Atletismo, sita no Complexo Deportivo de Elviña. Praza Agustín Díaz, s/n – Salas 15 – 16 – 17, C.P. 15008 A Coruña, CIF G15103500, teléfono 981291683 e enderezo de correo



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

[federacion@atletismo.gal](mailto:federacion@atletismo.gal) .

O responsable do dito tratamento de datos (licenzas nacionais) é a Real Federación Española de Atletismo (RFEA), sita na Avda. de Valladolid nº 81, esc. dcha., piso 1º, C.P. 28008 Madrid, CIF Q- 2878003-i, tlf. 915482423 e enderezo de correo electrónico [rfea@rfea.es](mailto:rfea@rfea.es) .

#### **c) Datos de contacto do Delegado de Protección de Datos**

O Delegado de Protección de Datos é Nós Solucións, co que se poderá contactar no enderezo electrónico [ramon@nossoluciones.es](mailto:ramon@nossoluciones.es) .

#### **d) Finalidade do tratamento**

A finalidade da recollida e tratamento dos datos é a de tramitar e xestionar licenzas deportivas e posibilitar o exercicio das funcións que ten atribuídas a FGA polos Estatutos e Regulamentos da FGA e pola lexislación aplicable contida, entre outras normas, na Lei 10/1990, do deporte, na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, na Lei Orgánica 3/2013, contra a dopaxe, na Lei 19/2007, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, no Real Decreto 1835/1991, sobre Federacións Deportivas Españolas, no Real Decreto 1591/1992, sobre disciplina deportiva, o Real Decreto 971/2007, de 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, nos Estatutos e Regulamentos da WA e a EA, e nas disposicións e regulamentos reguladores dos procedementos electorais federativos, na medida en que o dito tratamento de datos sexa necesario para iso.

#### **e) Categorías de destinatarios**


Os destinatarios dos datos serán todos aqueles que deban selo como consecuencia do cumprimento e exercicio pola FGA das súas funcións e obrigas e desenvolvemento da actividade federativa; e todos aqueles que deban ter acceso aos datos con motivo da prestación dun servizo á FGA necesario para o cumprimento e exercicio das funcións e obrigas desta e para o desenvolvemento da actividade federativa.

As categorías de destinatarios poderán ser, entre outras, as seguintes: axencias de viaxes, aseguradoras, hoteis, prestadores de servizos de transporte de viaxeiros, prestadores de servizos postais ou de mensaxería, prestadores de servizos informáticos, prestadores de servizos xurídicos, entidades organizadoras de competicións, administracións públicas, órganos que exerzan potestade disciplinaria, Xulgados e Tribunais, órganos de arbitraje e mediación, WA (Asociación Internacional de Federacións de Atletismo), EA (Asociación Europea de Atletismo), e/ou calquera outra entidade ou autoridade deportiva internacional de atletismo.

#### **f) Asunción e acatamento de Regulamentos da FGA, RFEA e WA**

Os interesados asumen e acatan todos os Regulamentos da FGA, RFEA e WA, e particularmente se someten a todo canto dispoñan as disposicións do Regulamento Antidopaxe da WA, a que a RFEA comunique á WA ou calquera outra autoridade ou tribunal antidopaxe cantos datos sexan precisos para a aplicación do previsto no dito regulamento, como por exemplo e sen carácter exhaustivo: nome e apelidos do interesado, data de sometemento a controis de dopaxe, resultado analítico adverso dos ditos controis, e contido da resolución dos procedementos administrativos, arbitrals e xudiciais incoados como consecuencia dos ditos resultados.

En particular, o interesado, ao subscribir a licenza, consinte e autoriza ademais que se



comunique ao Tribunal de Arbitraje Deportivo (TAS - CAS) e que se transfira á World Athletics (WA), con sede en Mónaco, ao Comité Olímpico Internacional (COI), con sede en Suíza, e á Axencia Mundial Antidopaxe (WADA-AMA), con sede en Canadá, os datos seguintes: nome do interesado, data de sometemento a controis de dopaxe, resultado analítico adverso dos ditos controis e contido da resolución dos procedementos administrativos, arbitrais e xudiciais incoados como consecuencia dos ditos resultados. A finalidade da dita transferencia de datos é dar cumprimento aos preceptos do Regulamento WA e que WA dea a coñecer os citados datos para favorecer e facilitar o cumprimento do artigo 23 a) do Regulamento WA (Regras de elixibilidade).

Os datos de carácter persoal do interesado conservaranse polo tempo necesario para o cumprimento das finalidades referidas anteriormente e en tanto non exista unha revogación ou retirada do consentimento do interesado para o tratamento dos seus datos. Non obstante, ese prazo de conservación estará afectado e poderá ser alterado por outros elementos tales como: os prazos de prescrición de delitos e infraccións por dopaxe e de caducidade de procedementos, os prazos de prescrición de infraccións en materia de disciplina deportiva e de caducidade de procedementos, os prazos de prescrición para as accións de revogación e/ou reintegro de subvención, os prazos de tramitación de procedemento de revogación e/ou reintegro de subvención, os prazos de tramitación de posteriores recursos administrativos e procedementos xudiciais e a obriga legal de bloquear os datos quedando os mesmos a disposición das administracións públicas competentes, xuíces e tribunais, para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas.

O interesado ten dereito a retirar ou rebocar o consentimento para o tratamento de datos (a dita retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento previo a tal retirada, e a dita retirada do consentimento non afectará á obriga legal de bloquear os datos quedando os mesmos a disposición das administracións públicas competentes, xuíces e tribunais para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas), e o interesado ten dereito:

1. A ter acceso aos seus datos persoais.
2. Á rectificación dos seus datos persoais.
3. Á supresión dos seus datos persoais.
4. Á limitación do tratamento dos seus datos persoais.
5. A oporse ao tratamento dos seus datos persoais.
6. Á portabilidade dos datos.
7. A presentar reclamación ante a Autoridade de Control (Axencia Española de Protección de Datos), todo isto nos termos establecidos no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

O exercicio destes dereitos deberá exercitarse conforme ás regras da boa fe e sen incorrer en fraude de lei. O exercicio dalgúns dos ditos dereitos pode dar lugar á extinción da relación xurídica federativa do interesado coa FGA ou RFEA e dos dereitos e deberes dimanantes de tal relación; non obstante, iso non impedirá nin o inicio ou continuación de calquera procedemento administrativo, arbitral e/ou xudicial en que o interesado puidese estar involucrado nin a utilización dos datos de carácter persoal en tales procedementos.

#### **g) Cesións ou transferencias internacionais de datos**

Poderán producirse cesións ou transferencias internacionais de datos, que non contén cunha decisión de adecuación referida no artigo 45 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, ou non contar con garantías



adecuadas referidas no artigo 46 do citado Regulamento Europeo, a países sedes de competicións internacionais de atletismo que non conten con lexislación de protección de datos equiparable á lexislación española ou á lexislación europea.

A finalidade desta comunicación é cumprir cos requisitos esixidos pola entidade organizadora ou a autoridade governativa ou lexislativa do país correspondente para participar en tales competicións. Os interesados coñecen, asumen e consenten especificamente mediante a súa sinatura na solicitude de licenza os posibles riscos existentes para eles que implican tales transferencias de datos, entre os que se atopan os seguintes:

1. Que a entidade receptora dos datos non conte con medidas técnicas e organizativas apropiadas, concebidas para aplicar de forma efectiva os principios de protección de datos e integrar as garantías necesarias no tratamento de datos en termos equiparables á lexislación española ou europea.
2. Que a entidade receptora dos datos non conte con medidas técnicas e organizativas apropiadas concebidas para garantir os dereitos de protección de datos dos interesados en termos equiparables á lexislación española ou europea.
3. Que a entidade receptora dos datos non conte con medidas técnicas e organizativas apropiadas con miras a garantir que, por defecto, só sexan obxecto de tratamento os datos persoais que sexan necesarios para os fins específicos do tratamento.
4. Que a entidade receptora dos datos non conte con medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco que leve consigo o tratamento para os dereitos e liberdades dos interesados.
5. Que o país no que se atope a entidade receptora dos datos non conte cunha autoridade de control en materia de protección de datos.

Conforme ao artigo 49 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, o consentimento do interesado outorgado mediante a subscrición ou renovación da licenza será válido especificamente para as transferencias internacionais.

#### **h) Publicación de datos**


O atleta (ou no seu caso os proxenitores que ostenten a patria potestade ou o titor legal do atleta menor de 14 anos) autoriza expresamente que os seus datos aparezan en todas as bases de datos de acceso público mantidas pola FGA/RFEA que proporcionan información referente á súa licenza, os seus resultados e marcas obtidas en diferentes competicións e tempadas, sancións impostas, así como o seu nome e apelidos, fotografía, data de nacemento, cidade de nacemento, nacionalidade e club de pertenza. En particular os referidos datos identificativos quedarán visibles na páxina web da FGA ou/e RFEA co fin de amosar os seus resultados no apartado de consulta de atletas da mencionada páxina web.

Así mesmo serán públicas tanto a relación de inscricións de competicións como a relación de resultados destas, nas que aparecerán publicados os datos dos interesados referidos ao nome, dous apelidos, número de licenza, data de nacemento ou idade, sexo, nacionalidade, comunidade autónoma de procedencia, cidade de procedencia, cidade de nacemento, club de pertenza e resultados deportivos.

#### **i) Prazo de conservación dos datos**

Os datos de carácter persoal dos interesados conservaranse polo tempo necesario para o cumprimento das finalidades referidas anteriormente, e en tanto non exista unha





revogación ou retirada do consentimento dos interesados para o tratamento dos seus datos. No entanto, ese prazo de conservación estará afectado e poderá ser alterado por outros elementos tales como: os prazos de prescrición de delitos e infraccións por dopaxe e de caducidade de procedementos, os prazos de prescrición de infraccións en materia de disciplina deportiva e de caducidade de procedementos, os prazos de prescrición para as accións de revogación e/ou reintegro de subvención, os prazos de tramitación de procedemento de revogación e/ou reintegro de subvención, os prazos de tramitación de ulteriores recursos administrativos e procedementos xudiciais; e a obrigaón legal de bloquear os datos quedando os mesmos a disposición das administracións públicas competentes, xuíces e tribunais, para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas.

#### **j) Dereitos do interesado**

O interesado ten dereito a retirar ou revogar o consentimento para o tratamento de datos (a dita retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento previo a tal retirada, e a dita retirada do consentimento non afectará á obrigaón legal de bloquear os datos quedando os mesmos a disposición das administracións públicas competentes, xuíces e tribunais para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas) e o interesado ten tamén os seguintes dereitos:

- Dereito de acceso aos seus datos persoais (nos termos establecidos no artigo 15 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016).
- Dereito de rectificación de datos persoais (nos termos establecidos no artigo 16 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016).
- Dereito de supresión de datos persoais (nos termos establecidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016).
- Dereito á limitación do tratamento de datos persoais (nos termos establecidos no artigo 18 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016).
- Dereito a opoñerse ao tratamento de datos persoais (nos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016).
- Dereito á portabilidade de datos persoais (nos termos establecidos no artigo 20 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016).

O exercicio de todos estes dereitos deberá efectuarse conforme ás regras da boa fé e sen incorrer en fraude de lei. O exercicio dalgúns de devanditos dereitos pode dar lugar á extinción da relación xurídica federativa do interesado coa FGA e/ou a RFEA e dos dereitos e deberes dimanantes de tal relación; no entanto, iso non impedirá nin o inicio ou continuación de calquera procedemento administrativo, arbitral e/ou xudicial en que o interesado puidese acharse involucrado nin a utilización dos datos de carácter persoal en tales procedementos.

Para o exercicio destes dereitos o interesado poderá dirixir escrito de solicitude á FGA, na parte que lle corresponde, a través do correo [secretaria@atletismo.gal](mailto:secretaria@atletismo.gal) ou, se fora preciso, á RFEA.



O escrito de solicitude á FGA deberá conter:

1. Nome, apelidos e nº de DNI, ou no seu caso nº de NIE ou nº de pasaporte do interesado.
2. Identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale a efectos de notificacións (en caso de non indicarse esta circunstancia, quedará a elección da FGA o medio ou lugar para notificar ao interesado segundo os datos deste que obren nos ficheiros da FGA).
3. Feitos e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
4. Lugar e data.
5. Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio que sexa admisible e válido en Dereito.

En caso de que a FGA teña dúbidas razoables en relación coa identidade da persoa física que cursa a solicitude, poderá solicitar que se facilite a información adicional necesaria para confirmar a identidade do interesado.

Así mesmo o interesado ten dereito a presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (Autoridade de Control) a través do seu sitio web [www.agpd.es](http://www.agpd.es) en caso de que sinta vulnerados os seus dereitos e especialmente cando non haxa satisfacción no exercicio dos seus dereitos.


**(\*) Recórdase que A COMUNICACIÓN DOS DATOS PERSOAIS E O CONSENTIMENTO PARA O TRATAMENTO DE DATOS, TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS DE DATOS E CESIÓN CONTIDOS NO PRESENTE DOCUMENTO SON REQUISITOS NECESARIOS PARA A TRAMITACIÓN, EXPEDICIÓN E XESTIÓN DA LICENZA E, EN CONSECUENCIA, PARA A INTEGRACIÓN NA FEDERACIÓN AUTONÓMICA DE ATLETISMO E/OU REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO.**

**NON COMUNICAR DEVANDITOS DATOS E/OU NON OUTORGAR CONSENTIMENTO PARA O DEVANDITO TRATAMENTO E CESIÓN TERÁ COMO CONSECUENCIA A NON TRAMITACIÓN E A NON EXPEDICIÓN DA LICENZA E A CONSEGUINTE NON INTEGRACIÓN DO INTERESADO NA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO NIN NA REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO, SEN QUE A LICENZA DESPREGUE EFECTOS NO ÁMBITO AUTONÓMICO NIN ESTATAL.**

#### **Cláusula de cesión de dereitos**

O texto ou cláusula a aceptar expresamente polo titular da licenza, xunto aos seus representantes legais se é menor de idade, en materia de cesión de dereitos de imaxe, voz, nome e outros que se puidesen engadir é o seguinte. Lémbrese que sen este requisito non se poderá expedir licenza válida no ámbito autonómico nin estatal.

Ao amparo do disposto na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, no ámbito dos eventos ou actividades nas que participe ou organice a FGA ou RFEA en colaboración cas seus patrocinadores, colaboradores e medios e canles de comunicación e no ámbito das competicións oficiais ou amistosas de atletismo, os interesados consenten e autorizan a cesión á FGA ou RFEA dos seus dereitos de imaxe, voz e nome (incluíndo tamén idade ou data de nacemento, lugar de nacemento, nacionalidade, club de pertenza e demais datos de interese xeral informativo que puidesen ser recollidos con ocasión da súa intervención nos eventos ou actividades e en competicións oficiais de atletismo), así como a súa captación, gravación, reprodución, difusión, emisión e retransmisión utilizando todos os medios técnicos e soportes coñecidos na actualidade, particularmente, os soportes



escritos, audiovisuais e electrónicos, incluído Internet e redes sociais, tanto as vixentes como as que puidesen desenvolverse no futuro.

Este material poderá ser utilizado en/ou para:

1. Accións promocionais e/ou publicitarias do evento, actividade ou da competición deportiva directamente medios e canles de comunicación.
2. Realización de materiais audiovisuais promocionais en distintos formatos do evento, actividade ou a competición deportiva e outros soportes de comunicación/publicidade propiedade da FGA ou RFEA para campañas ou actividades promocionais e comerciais.
3. Na páxina web da FGA ou RFEA e nas contas que teñan en redes sociais (a título enunciativo e non exhaustivo: Facebook, Twitter, Instagram, LinkedIn, Pinterest e Youtube; poden comprobarse na web da FGA ou RFEA as redes sociais nas que a FGA ou RFEA ten conta rexistrada).

Todo iso coa única salvedade e limitación daquelas utilizacións que poidan atentar ao dereito e a honra nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de "protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe". A referida cesión de dereitos é consentida e autorizada con carácter gratuíto e desinteresada, por tempo ilimitado, sen límite territorial e con facultade da FGA ou RFEA para a súa cesión a terceiros. Así mesmo, o atleta, ou no seu caso os proxenitores que ostenten a patria potestade ou o titor legal se é menor de 14 anos, non poderán pedir no futuro unha contraprestación a cambio da utilización, dentro dos termos previstos no presente documento, das mencionadas imaxes pola FGA ou RFEA.

Tratamento e cesións dos datos persoais obtidos da imaxe, voz e nome: os datos de carácter persoal obtidos coa gravación ou captación, de imaxe voz e nome (incluíndo tamén idade ou data de nacemento, lugar de nacemento, nacionalidade, club de pertenza e demais datos que puidesen ser recollidos con ocasión da súa intervención nos eventos, actividades ou as competicións oficiais de atletismo e sexan de interese xeral), serán tratados de acordo co disposto no presente Regulamento de Licenzas. Os referidos datos conservaranse por tempo ilimitado dadas as condicións da cesión de dereitos.


O responsable do dito tratamento de datos é a FGA e Real Federación Española de Atletismo (RFEA), segundo o tipo de licenza.

Os interesados autorizan e consenten que os ditos datos sexan comunicados:

1. Ao público en xeral.
2. Ás produtoras, distribuidoras ou prestadores de servizos involucrados na gravación e difusión dos vídeos e fotografías.
3. A provedores de servizos de aloxamento de vídeos e fotografías en internet incluíndo redes sociais (algúns destes terceiros poderán estar situados en países que non contén con lexislación de protección de datos equiparable á lexislación española ou á lexislación europea, e as transferencias de datos poderán non contar cunha decisión de adecuación referida no artigo 45 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, ou non contar con garantías axeitadas referidas no artigo 46 do citado Regulamento Europeo; sendo os riscos diso los referidos na letra g) do presente artigo 3 bis.
4. Aos patrocinadores e colaboradores (doantes, achegadores, etc.) da FGA ou Real Federación Española de Atletismo.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

Os interesados poden exercer os dereitos recollidos na letra j) do presente Anexo, aínda que procederá á indemnización por danos e prexuízos á que se refire o artigo 2.3 da Lei Orgánica 1/1982 se do exercicio de tales dereitos houberse equivalencia a revogación do consentimento referida no artigo 2.2 da citada Lei Orgánica. O exercicio dos devanditos dereitos deberá exercitarse conforme ás regras da boa fe e sen incorrer en fraude de lei, e non impedirá nin o inicio ou continuación de calquera procedemento administrativo e/ou xudicial en que os interesados puidesen acharse involucrados nin a utilización dos datos de carácter persoal ou as gravacións ou imaxes en tales procedementos.

**(\*). Recórdase que A CESIÓN E AUTORIZACIÓN DE USO DE DEREITOS DE IMAXE, VOZ E NOME CONTIDOS NO PRESENTE DOCUMENTO É REQUISITO NECESARIO PARA A TRAMITACIÓN, EXPEDICIÓN E XESTIÓN DA LICENZA E, EN CONSECUENCIA, PARA A INTEGRACIÓN NA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO E/OU REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO.**

**NON OUTORGAR CONSENTIMENTO PARA A DITA CESIÓN E USO TERÁ COMO CONSECUENCIA A NON TRAMITACIÓN E A NON EXPEDICIÓN DA LICENZA E A CONSEGUINTE NON INTEGRACIÓN DO INTERESADO NA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO OU RFEA, SEN QUE A LICENZA DESPREGUE EFECTOS NO ÁMBITO AUTONÓMICO OU ESTATAL, RESPECTIVAMENTE.**

**A Coruña, 6 de Novembro de 2024**

**Yolanda González Fernández**

Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo